

Fiare

fiare
agentea - agente
 *popolare* **Banca Etica**



Mé
moría 2011

Sumario

Páxina 3	NOVOS HORIZONTES
Páxina 4	AFORRO
Páxina 6	FINANCIAMENTO
Páxina 11	O PROCESO DE AVALIACIÓN ÉTICO-SOCIAL
Páxina 13	CAPITAL SOCIAL
Páxina 15	ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS
Páxina 17	A VÍA CAMPESIÑA
Páxina 20	KONSUMORESPONSABLE.COOP
Páxina 22	BANCA POPOLARE ETICA-2011





Non é esaxerado dicir que o ano 2011 supuxo en diversos aspectos o peche dunha etapa. Unha etapa que poderíamos chamar “fundacional”, na que fomos construíndo a estrutura social básica de Fiare e deseñando o noso estilo de funcionamento. Unha etapa na que, como sabedes, apostamos por desenvolver xunto a esta construción social unha actividade financeira incipiente, como axentes de Banca Popolare Etica, que nos permitira ir creando un circuíto de intermediación capaz de conectar aforro e crédito para a transformación social. Foi unha aposta arriscada e moi custosa, que puidemos levar a cabo grazas ao compromiso dun gran número de persoas e organizacións que traballaron sen descanso, crendo cada día un pouco máis en que Fiare é un proxecto que paga a pena e facéndoo posible. Unha aposta na que as persoas da nosa estrutura profesional asumiron boa parte da carga e cuxa entrega e bo facer queremos recoñecer de forma explícita nestas liñas.

A crise financeira e os seus demoledores efectos nas persoas máis débiles e nas organizacións que traballan con elas viñeron a reforzar a dolorosa evidencia que nos empurraba a iniciar o noso camiño. Sabemos, e confirmamos cada día, que a aposta por construír un Sistema de Banca Ética asentado sobre a acción colectiva non é só posible, senón necesario e urxente. Desde esta convición cerramos unha etapa e enfrontamos un novo escenario, no que a fase de axentes vai tocando á súa fin.

3

O ano 2012 ábrenos a un novo proceso en que tanto Banca Popolare Ética como

Fiare apostamos por crear un proxecto conxunto que nos permita consolidar unha cooperativa de ampla base social. Para Fiare, este novo escenario supón seguir avanzando no que desde o principio da nosa andadura foi a nosa maior aposta: poder operar en todo o Estado como cooperativa de crédito, ofrecendo progresivamente os servizos bancarios habituais e reforzando así un circuíto de intermediación que permita orientar o crédito á construción dunha sociedade máis xusta e inclusiva.

Nesta nova fase, os retos que enfrontamos ademais do desenvolvemento operativo da Cooperativa, seguen sendo os mesmos, e moi especialmente reforzar o capital social, creando unha base social cada vez máis forte e cohesionada, cunhas estruturas de participación que nos permitan seguir pegados á realidade e que poñan en valor as capacidades de todos os que, día a día, construímos Fiare. Temos os membros necesarios para facelo. Desde as estruturas de coordinación de nivel territorial e estatal ata os grupos locais, a base social de Fiare foi pouco a pouco consolidando unha realidade dinámica en continuo desenvolvemento que mira o futuro con serena ilusión. Contamos neste camiño coa impagable achega dun Comité de Ética que asumiu a difícil encomenda de ir entrelazando os elementos necesarios para que Fiare sexa un proxecto cunhas bases éticas sólidas, entre as que é necesario destacar a nosa metodoloxía de avaliación ético-social das solicitudes de financiamento e a estrutura de comisións territoriais que a desenvolve.

Podemos dicir que 2011 foi un ano histórico para Fiare. Mais teremos que admitir que, para un proxecto tan novo e tan difícil como o noso, todos os anos o son. Cada día que pasa, cada logro e cada lección aprendida, van construíndo unha historia que non fixo máis que empezar. Hoxe sabemos, con máis evidencias que onte, que podemos seguir construíndo o proxecto Fiare, que cada vez son máis os que queren facelo con nós e, sobre todo, que vale a pena. Isto é precisamente o que esta memoria 2011 pretende reflectir.



aforro


2011 foi, sen lugar a dúbidas, un ano moi complicado para a sociedade europea en xeral, e española en particular. Moitas persoas viron desaparecer os seus postos de traballo, cando non as súas empresas e moitas organizacións sociais sufriron recortes e retrasos nos cobros. Polo tanto, hai menos recursos dispoñibles para depositar en produtos financeiros. Se a isto lle engadimos a alza nos tipos de interese ofrecidos por algunhas entidades de crédito para conseguir liquidez, entenderemos que resultou moi complicado.

O máis preocupante foi a necesidade dalgunhas familias de recuperar antes do vencemento as súas imposicións para poder atender urxencias inesperadas ou cubrir a falta de ingresos orixinada polo desemprego.


Porén, tanto o volume de aforro recibido como o número de posicións abertas, mantiveron o ritmo de crecemento de exercicios anteriores. Con algunhas oscilacións derivadas da utilización maior ou menor das contas correntes por parte das organizacións, mantívose un ritmo constante de crecemento.

Aínda resulta máis ilusionante vendo que se mantén o crecemento nas persoas e recursos que se comprometen no capital social, como se pode comprobar noutro apartado desta memoria. Igualmente, é un claro sinal para o futuro o volume de familias e organizacións sociais que queren participar como socias, mais que non achan na nosa limitada oferta actual de produtos e na escasa presenza xeográfica, unha oportunidade para contratar un produto de aforro. Son sen dúbida grandes as oportunidades de futuro que nos suxire este colectivo.

Volume Acumulado



Número de Libretas




En canto á distribución destes recursos, prodúcense cambios coherentes no tipo de produtos e nos territorios. O crecemento do volume de créditos utilizados, especialmente no que se refire a liñas de crédito en conta corrente permitiu un aumento dos recursos que en cada momento están dispoñibles sobre este tipo de soportes.

De ser case inexistentes nos anos anteriores, pasou a case o 5% dos recursos xestionados. Ao ser un produto que se administra pola Internet, permite o crecemento en volumes nos territorios onde se tramitan este tipo de operacións de crédito, aínda que non haxa unha oficina preto.


Polo tanto, así como o crecemento en produtos de aforro habituais consolida o volume nos tres territorios con presenza física (Euskadi, Cataluña e Centro -Madrid- supoñen máis do 86% do aforro total), a utilización da conta corrente, permite un crecemento en Valencia ou Sur (Andalucía e Extremadura) que doutro xeito non sería posible.

Igualmente debemos salientar o mantemento do peso na libreta redes, na que os intereses van destinados a proxectos de organizacións sociais que permiten apoiar proxectos non bancarizables, como microcréditos, entre nós e no Sur, novos proxectos de economía solidaria, etc. En total, ao final do exercicio, son 375 as libretas cuxos intereses foron doados, cun importe total de 21.674 €.

Territorio



Produto



FINANCIAMIENTO

A difícil situación que atravesamos a economía europea e, en particular, a española, faise sentir especialmente nas necesidades de financiamento das entidades sociais. Se lle engadimos os retrasos no pagamento ou directamente recortes das Administracións Públicas, co impacto que teñen sobre o tipo de entidades coas que traballamos, podemos entender que o ano 2011 resultou moi complicado.

Así podemos observar como o crédito total aprobado pasou de 19,5 millóns de euros a finais de 2010 a máis de 27,5 a finais de 2011, pasando tamén de 94 a 104 operacións abertas. É dicir, máis dun 40% de crecemento no crédito, fronte a un 15% de crecemento no aforro. Aínda non se reflectiu completamente no saldo utilizado, debido á existencia de créditos hipotecarios que dependen de certificacións de obra e á porcentaxe alta que representan as contas correntes de crédito, que non sempre están utilizadas e moito menos ao 100%.

SECTOR	Aprobado	Aprobado vivo	2009	2010	2011
AGROECOLOXÍA	806.000	706.000,00	562.928	517.094	471.040
COOP. INT / COM. XUSTO	4.161.000	2.948.000,00	1.254.662	1.853.807	1.817.490
INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	15.751.819	14.082.618,74	6.313.586	7.009.222	8.303.496
VALORES SOCIAIS	7.039.000	6.748.000,00	559.244	1.039.215	2.731.699
	27.757.819	24.484.619	8.690.420	10.419.339	13.323.725

SECTOR	2009	2010	2011
AGROECOLOXÍA	7	7	7
COOP. INT / COM. XUSTO	14	21	22
INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	52	48	52
VALORES SOCIAIS	13	18	23
	86	94	104

En canto aos sectores de actividade, debido tamén ás razóns expostas no primeiro parágrafo, son as entidades que prestan servizos sociais as que maior demanda xeraron, ao ser tamén as máis afectadas pola situación das Administracións Públicas e ás que lles dedicamos a maior parte dos nosos esforzos.

PERSOA XURÍDICA	Aprobado	Aprobado vivo	2009	2010	2011
ASOCIACIÓN	5.328.400	3.610.000,00	891.060	1.522.428	2.101.603
COOPERATIVA	9.410.000	9.032.000,00	1.996.578	2.560.906	4.567.671
REDES	1.525.119	1.354.118,74	738.131	769.189	464.161
FUNDACIÓN	7.015.500	6.895.500,00	3.152.302	3.554.977	3.404.145
SOCIEDADE CAPITAL	3.755.800	2.980.000,00	1.419.822	1.544.180	2.305.368
OUTROS	673.000	613.000	492.527	467.658	480.777
	27.757.819	24.484.319	8.690.420	10.419.339	13.323.725

PERSOA XURÍDICA	2009	2010	2011
ASOCIACIÓN	36	33	29
COOPERATIVA	12	20	26
REDES	9	10	12
FUNDACIÓN	9	10	17
SOCIEDADE CAPITAL	16	18	16
OUTROS	4	3	4
	86	94	104

Como consecuencia do anterior, cooperativas e fundacións son as que supuxeron maior crecemento en tipo de formas xurídicas para as que tramitamos solicitudes de financiamento, fronte ao enorme peso que historicamente tiveron as asociacións. No que a volume se refire, son claramente as cooperativas as que máis creceron en canto a saldo utilizado, ao pasar do 25% ao 34%.

7

TERRITORIO	Aprobado	Aprobado vivo	2009	2010	2011
ANDALUCÍA	3.119.500	2.789.500	1.417.403	1.504.161	1.779.988
ARAGÓN	1.350.000	1.350.000	0	157.403	1.231.121
ASTURIAS	20.000	15.000	14.221	11.613	9.568
BALEARES	620.000	620.000	236.740	248.991	270.521
CANTABRIA	45.000	45.000	0	0	38.809
CASTELA A MANCHA	172.500	172.500	0	0	167.572
CASTELA E LEÓN	185.000	155.000	103.071	107.362	102.206
CATALUÑA	6.034.619	5.588.619	1.704.714	2.614.190	1.909.343
COM. VALENCIANA	1.731.000	1.691.000	405.152	767.878	1.397.583
EUSKADI	8.837.800	7.144.000	3.699.488	3.505.873	5.489.667
ESTREMADURA	107.000	107.000	84.862	63.830	61.585
GALIZA	190.000	0	0	11.266	0
MADRID	4.462.400	3.954.000	400.547	842.862	247.305
MURCIA	26.000	26.000	0	0	288
NAVARRA	857.000	827.000	624.223	583.910	618.170
	27.757.819	24.484.619	8.690.420	10.419.339	13.323.725

No que fai referencia ao territorio, cada vez é máis longa a listaxe, ao aparecer operacións puntuais en Comunidades Autónomas novas, chegando xa a 15.

TERRITORIO	2009	2010	2011
ANDALUCÍA	9	10	15
ARAGÓN	0	1	2
ASTURIAS	2	1	1
BALEARES	1	2	2
CANTABRIA	0	1	1
CASTELA A MANCHA			3
CASTELA E LEÓN	3	3	3
CATALUÑA	20	27	30
COM. VALENCIANA	3	3	5
EUSKADI	27	23	18
ESTREMADURA	2	3	3
GALIZA	1	2	0
MADRID	12	14	13
MURCIA			1
NAVARRA	6	4	7
	86	94	104

En canto á utilización por Comunidade Autónoma, así como o maior número de operacións, mantense desde o ano 2010 en Cataluña, ao tratarse de operacións sobre todo de anticipos de liquidez por tensións de tesourería, é un dos territorios que presenta máis diferenza entre o volume aprobado e o utilizado.

En Madrid, non obstante, aprobouse en 2011 un gran volume de créditos, cuxa formalización e utilización se producirá en 2012. Consólidanse, ao mesmo tempo Andalucía e Valencia como os territorios de maior volume de crédito sen oficina presencial.

TIPO FINANCIAMENTO	Aprobado	Aprobado vivo	2009	2010	2011
AVAL	83.019	25.619	77.099	77.099	25.619
CC CRÉDITO	13.614.300	10.803.500	2.881.864	4.250.574	4.327.878
HIPOTECARIO	11.756.500	11.756.500	5.022.298	4.906.000	7.514.440
PERSOAL	2.304.000	1.899.000	709.160	1.185.666	1.455.789
	27.757.819	24.484.619	8.690.420	10.419.339	13.323.725

TIPO FINANCIAMENTO	2009	2010	2011
AVAL	2	2	1
CC CRÉDITO	56	57	67
HIPOTECARIO	12	15	17
PERSOAL	16	20	19
	86	94	104

Por tipoloxía de operación, pódese observar o xa apuntado anteriormente -o crecemento importante nas operacións de crédito en conta corrente que, porén, non supón un crecemento en importe utilizado, fronte aos préstamos hipotecarios, nos que o crecemento no número de operacións supón de forma case automática un crecemento en volume.

FINANCIAMIENTO APROBADO 2011

RAZÓN SOCIAL	PERSOA XURÍDICA	SECTOR	PROVINCIA	TIPO FINANCIAMIENTO	IMPORTE APROBADO
ANDAIRA S.COOP.MAD	COOPERATIVA	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	MADRID	CC CRÉDITO	15.000,00
ARCADIA VERDE, SL	SOCIEDADE CAPITAL	VALORES SOCIAIS	HUESCA	HIPOTECARIO SAL	1.100.000,00
ASOCIACIÓN EDUCATIVA BARBIANA	ASOCIACIÓN	VALORES SOCIAIS	CÓRDOBA	CC CRÉDITO	60.000,00
ASOCIACIÓN FONDO ANDALUZ DE MUNICIPIOS SOLIDARIDAD INTERNACIONAL FAMSÍ	ASOCIACIÓN	COOP. INT / COM. XUSTO	CÓRDOBA	CC CRÉDITO	300.000,00
ASOCIACIÓN LABORAL JOSENEA	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	NAVARRA	CC CRÉDITO	52.000,00
ASOCIACIÓN LABORAL JOSENEA	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	NAVARRA	PERSOAL	30.000,00
ASOCIACIÓN PROYECTO HOGAR	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	MADRID	CC CRÉDITO	100.000,00
ASOCIACIÓN REAS EUSKADI - RED DE ECONOMIA ALTERNATIVA Y SOLIDARIA	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CRÉDITO	40.000,00
ASOCIACIÓN SERCOVAL	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	VALENCIA	CC CRÉDITO	350.000,00
CLADE - GRUP EMPRESARIAL COOPERATIU SCCL	COOPERATIVA	VALORES SOCIAIS	BARCELONA	CC CRÉDITO	60.000,00
CONFEDERACIÓN DE CONSUMIDORES DE CASTILLA LA MANCHA	FEDERACIÓN	VALORES SOCIAIS	TOLEDO	CC CRÉDITO	20.000,00
CONFEDERACIÓN REGIONAL DE ASOCIACIONES VECINALES, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE CASTILLA –LA MANCHA	FEDERACIÓN	VALORES SOCIAIS	TOLEDO	CC CRÉDITO	80.000,00
CONSELL D'ASSOCIACIONS DE BARCELONA	FEDERACIÓN	VALORES SOCIAIS	BARCELONA	CC CRÉDITO	32.000,00
CONSELL NACIONAL DE LA JOVENTUT	ASOCIACIÓN	VALORES SOCIAIS	BARCELONA	CC CRÉDITO	55.000,00
ENREDA SOCIEDAD COOPERATIVA ANDALUZ	COOPERATIVA	VALORES SOCIAIS	SEVILLA	CC CRÉDITO	30.000,00
FEDERACIÓN DE REINSECCIÓN SOCIAL "SARTU" DE BILBAO	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CRÉDITO	800.000,00

RAZÓN SOCIAL	PERSOA XURÍDICA	SECTOR	PROVINCIA	TIPO FINANCIAMIENTO	IMPORTE APROBADO
FUNDACIÓ PERE MITJANS	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BARCELONA	PERSOAL	125.000,00
FUNDACIÓ PRIVADA ECOM	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BARCELONA	CC CRÉDITO	1.000.000,00
FUNDACIÓN CASAS DIOCESANAS DE ACOGIDA	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	GRANADA	CC CRÉDITO	200.000,00
FUNDACIÓN EL SEMBRADOR	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	ALBACETE	CC CRÉDITO	72.500,00
FUNDACIÓN JOSE MARÍA HARO-INTRA	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	VALENCIA	CC CRÉDITO	78.000,00
FUNDACIÓN SUSTRAIA ERAKUNTZA	FUNDACIÓN	VALORES SOCIAIS	NAVARRA	PERSOAL	15.000,00
MAGUGLIANI BARBARA	PERSOA FÍSICA	AGROECOLOXÍA	BARCELONA	CC CRÉDITO	18.000,00
PLATAFORMA PER LA LLENGUA	ASOCIACIÓN	VALORES SOCIAIS	BARCELONA	CC CRÉDITO	200.000,00
PROMOVE INICIATIVA SOCIAL SDA	COOPERATIVA	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	MURCIA	CC CRÉDITO	26.000,00
TRABENSOL SOCIEDAD COOP MAD	COOPERATIVA	VALORES SOCIAIS	MADRID	HIPOTECARIO SAL	3.000.000,00
ASOC. CULTURAL SAN MATEO	ASOCIACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	MADRID	CC CRÉDITO	15.000,00
EMAUS BILBAO S.COOP.I.S.	COOPERATIVA	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CRÉDITO	200.000,00
FUNDACIÓ ARRELS	FUNDACIÓN	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BARCELONA	CC CRÉDITO	150.000,00
POVINET S.COOP.	COOPERATIVA	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	VALENCIA	CC CRÉDITO	100.000,00
FUNDACIÓ NOVA FEINA DE LA COMUNITAT VALENCIANA	FUNDACIÓN	COOP. INT / COM. XUSTO	VALENCIA	CC CRÉDITO	196.000,00
TXUKUNBERRI OSOKO ZERBITZUAK SL	SOCIEDADE CAPITAL	INSERC.SOCIAL / ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CRÉDITO	75.000,00
FUNDACIÓN RED DE APOYO A LA INTEGRACIÓN SOCIOLABORAL (RAIS)	FUNDACIÓN	COOP. INT / COM. XUSTO	MADRID	CC CRÉDITO	90.000,00
					8.684.500

O PROCESO DE AVALIACIÓN ÉTICO-SOCIAL

Comité de Ética de Fiare

Os proxectos que apoia Fiare mediante o crédito están suxeitos a unha avaliación ético-social que realiza en cada territorio unha comisión apoiada polo persoal de Fiare. A súa función consiste en valorar a adecuación destes proxectos a uns criterios que definen e concretan os valores que promove o proxecto Fiare. O procedemento de avaliación ético-social está recollido nun documento elaborado polo Comité de Ética a partir das achegas realizadas polas nove comisións de avaliación ético-social constituídas a día de hoxe. Todo isto permitiu unha revisión profunda dos criterios de avaliación, así como daqueles aspectos que é preciso ter en conta en cada unha das fases do proceso de avaliación ético-social. O documento completo está accesible na páxina web do Proxecto Fiare (www.proyectofiare.com) e, neste momento, está en proceso de socialización entre as distintas comisións de avaliación ético-social.

De xeito sintético, a continuación presentamos cal é a información básica que se require para que o persoal de Fiare e as comisións realice a avaliación ético-social das solicitudes de financiamento, así como os criterios que se teñen en conta.

1. A **Memoria da entidade e do proxecto** que debe chegar á entidade solicitante de financiamento, na que se inclúe información sobre aspectos relacionados cos criterios que posteriormente terá en conta a comisión de avaliación ético social para avaliar a idoneidade da solicitude e a súa adecuación aos piares do proxecto Fiare:

- O **carácter do proxecto** para o cal se solicita financiamento (utilidade social, carácter transformador, innovador, etc.); a experiencia previa

da entidade en proxectos similares; a creación (e a calidade) de emprego que promove o desenvolvemento do proxecto, así como a súa repercusión para as persoas traballadoras. Tamén se fixa a atención nas diferenzas de remuneración económica, valorando se son equitativas e están xustificadas.

- A **transparencia e rendición de contas** da entidade, que se valora a través dos instrumentos de comunicación utilizados pola entidade para que chegue a información aos colectivos preferentes (Balance Social, Auditoría social, información en web, etc.), ou o detalle dalgunhas das súas estratexias para a comunicación tanto interna como coa redonda.

- A **valoración ética dalgúns aspectos económicos** da entidade como, por exemplo, o equilibrio existente entre as porcentaxes de ingresos vía subvencións, doazóns, cotas de usuarios e facturación da entidade. Tamén se ten en conta o destino previsto dos excedentes do proxecto (se existen).

- Respecto á **democracia e á participación**, téñense en conta aspectos relacionados cos procesos de toma de decisións na entidade; as iniciativas relacionadas coa igualdade de oportunidades que promove, así como os seus procesos de participación.

- De xeito específico, respecto á **toma de decisións**, tense en conta a xerarquización das decisións; os cauces de participación tanto consultivos como de decisión da organización e os cauces de accesibilidade existentes que motiven a responsabilidade e o proceso de empoderamento das persoas implicadas na entidade.

- Respecto á **igualdade de oportunidades**, valórase a paridade nos postos; o desenvolvemento das capacidades de todas as persoas que colaboran na entidade; a promoción de iniciativas que compensen a diversidade de desvantaxes sociais; a paridade económica (a igual traballo, igual remuneración) e o impacto indirecto do proxecto no avance da igualdade entre homes e mulleres.
- En relación á **calidade da participación**, valóranse os niveis de responsabilidade que forman parte dos procesos consultivos (quen participa); as iniciativas promovidas pola entidade -assembleas, grupos de traballo, etc.- (en que participa) e os procesos de consulta sobre decisións relevantes da entidade (como participa).
- O **impacto social e medioambiental** do proxecto, fixando a atención sobre:
 - Accións positivas que favorecen o proxecto con persoas en risco ou situación de exclusión.
 - Impacto no emprego: creación de novos postos de traballo para o desenvolvemento do proxecto.
 - Impacto para as persoas traballadoras da entidade (horarios de traballo, repartición de emprego, mellora das condicións de traballo, etc.).
 - Impacto e interese social: iniciativas, actuacións, etc. que se van a derivar do desenvolvemento do proxecto (creación de (outra/s) empresa/s, xeneración de novas iniciativas sociais, etc.).
 - Participación ou apoio das Administracións Públicas: porcentaxe do orzamento do proxecto que non está cuberto por subvencións de Administracións Públicas.
 - Valores socialmente significativos que promove o proxecto.
 - Procesos de sustentabilidade medioambiental (reducir a contaminación, evitar o esgotamento de recursos, evitar custos medioambientais innecesarios...).
 - Sensibilidade cara á repercusión que ten na saúde e o benestar das persoas o desenvolvemento do proxecto.

- O **compromiso coa redonda**, tendo en conta:

- A súa colaboración, en calidade de consumidor de produtos/bens/servizos das entidades da economía solidaria.
- A contribución á creación de circuitos locais de produción e consumo.
- O seu coñecemento das necesidades existentes no contexto.
- As colaboracións con persoas ou entidades na procura de respostas transformadoras.

Loxicamente, unha entidade ou a memoria dun proxecto non teñen por que ofrecer elementos positivos en todos e en cada un destes criterios. A comisión avalía que haxa un equilibrio razoable no conxunto global de todos eles e toma unha decisión de xeito prudencial. Que haxa algunha debilidade nalgún deles non implica unha avaliación desfavorable. O obxectivo de achegar estes criterios é que a persoa/entidade solicitante coñeza os elementos da memoria da entidade e do proxecto que a comisión considera de xeito preferente para valorar a adecuación da súa solicitude aos principios de FIARE.

2. **Carta Motivación Fiare**, onde se expresan os motivos que levaron á persoa/entidade a optar por FIARE como entidade á que solicitarlle financiamento e a través da cal se poida valorar a sensibilidade da entidade pola banca ética.
3. **Aval da Rede Fiare**, evidente no caso de que sexa unha entidade socia de FIARE ou que, se non o é, conta co apoio dalgunha delas.
4. **Outros avais sociais** que lle permitan á comisión de avaliación ético-social valorar a relación con ámbitos promovidos pola economía solidaria ou a participación en iniciativas que teñen implicacións positivas de carácter económico (redes de distribución do mercado social, financiamento alternativo, comercio xusto, cláusulas sociais, empresas de inserción...) e social (equilibrio Norte-Sur, inclusión social, desenvolvemento local...).

capital social

o noso motor
para o cambio



Un ano máis, FIARE conseguiu rematar o ano 2011 cun importante crecemento da súa base social. nun marco socioeconómico de crise financeira e social cada vez máis grave. Moitas persoas e organizacións decidiron apostar por construír un proxecto de banca ética, cooperativa e cidadá.

Foi un ano de esforzo e de entusiasmo para todas as persoas que co seu interese e implicación fixeron posible a extensión da base social no conxunto do territorio e nestes momentos é cando un proxecto desta envergadura adquire máis relevancia.

Xunto ás organizacións que intentan impulsar alternativas ao sistema económico dominante intentamos estar máis preto para construír conxuntamente, por iso a nosa participación en redes sociais tanto territoriais como estatais e espazos de debate e propostas como o 15M adquiren maior significado

Rede de redes en expansión

Este ano podemos celebrar a entrada da décima territorial (Fiare Islas Baleares) como anunciábase en 2010. Actualmente son 10 territoriais e Coop 57 quen impulsan o proceso de extensión da nosa base social.

Cada ano dos últimos cinco, cando menos un territorio novo asumiu o compromiso de desenvolver o proxecto Fiare implicando axentes sociais e persoas que no seu día a día contribúan a desenvolver Fiare. Cerramos o ano 2011 deixando postos os ollos en Murcia, Aragón e Cantabria, coa posibilidade de que novos grupos locais ou terri-

toriais constrúan o proxecto nas súas localidades e a presenza Fiare se vaia facendo realidade en todo o Estado.

A vertebración nos territorios é unha das riquezas do proxecto. Cada grupo estrutúrase independentemente, identificando aqueles axentes sociais que lle poden achegar compromiso, dinamismo, lexitimidade e coñecemento da realidade social a Fiare. A través de encontros entre socios/as, debates e dinámicas participativas, cada grupo de persoas activas deciden a estratexia que queren seguir, os sectores de interese, as presentacións que queren organizar e a presenza institucional de Fiare nas redes de economía social e solidaria no territorio.

Este traballo colectivo que suma as vontades para construír un banco diferente permitiu chegar a finais de ano con 2.618 socios/as, 50 novas organizacións e 748 novas persoas, cun volume de 2.766.678 euros de capital social; un balance satisfactorio para o conxunto de membros cun aumento de persoas e organizacións similar ao dos outros anos nun momento de crise económica forte para o conxunto da cidadanía. Por este motivo, unha vez máis estamos seguros de que imos polo bo camiño e que este proxecto quere ser de todos/as.

2008	2009	2010	2011
236.050	1.194.204	2.127.832	2.766.678

En canto á distribución por territorio, os datos de capital social con data do 31 de decembro de 2011 son:

	Volume euros	Persoas físicas	Persoas xurídicas
Euskadi	965.192	791	48
Cataluña	625.780	367	75
Navarra	399.420	255	25
Sur	266.066	318	36
Centro	175.790	116	45
Valencia	100.510	93	30
Castela- León	81.360	113	18
Coop 57	50.540	49	1
Galiza	49.520	112	19
Canarias	34.240	63	4
Baleares	18.620	37	3
TOTAL	2.766.678	2.314	304



Se o ano pasado explicabamos que o capital social nos permitía estar presentes nos diferentes territorios e nos distintos sectores económicos, hoxe temos que engadir que o capital social nos dá, por unha banda, a seguridade de poder financiar máis proxectos e, pola outra, a posibi-

lidade de ir incrementando progresivamente a nosa estrutura e a oferta de servizos. Se temos presente que este ano notamos un crecemento na demanda de crédito como vemos nesta memoria, é absolutamente prioritario para Fiare que a base social continúe crescendo para unir os distintos espazos de cambio e alternativa e poder ser a banca ética de referencia para proxectos de transformación social.

Finalmente, debemos salientar a entrada de institucións públicas na nosa base social. O ano 2011 foi un ano onde algúns concellos, sobre todo en Navarra, Cataluña e Euskadi, deron o paso formal para se facer socios deste proxecto. Outros fixeron mocións para aprobar e apoiar o uso das finanzas éticas como motor de cambio nestes tempos convulsos. Simplemente, unha vez máis, o proxecto Fiare amplía a súa base social para ser un banco en mans da cidadanía e espera que o ano 2012, no novo horizonte que enfrontamos, continúe crescendo e ampliando o seu capital social..



INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS

O ano 2012 foi declarado polas Nacións Unidas o Ano Internacional das Cooperativas. A proclamación é un recoñecemento da comunidade internacional ao feito de que as cooperativas responden ao cambio social, resisten as crises económicas e á vez son empresas de éxito comprometidas coa creación de ocupación e co desenvolvemento local.

O Ano Internacional das Cooperativas é unha grande oportunidade para xerar atención por parte de gobernos, entidades e público en xeral ante as vantaxes que ofrece o modelo de empresa cooperativa. Este ano 2012 celebramos unha forma diferente de facer empresa, centrada nas persoas que son á súa vez propietarias e teñen capacidade de decidir.

O Ano Internacional das Cooperativas está coordinado no ámbito global pola Alianza Cooperativa Internacional. no noso país, entidades como a Federación de Cooperatives de Treball de Catalunya, as distintas redes territoriais de cooperativas e COCETA; no ámbito estatal están fortemente comprometidas coa difusión do Ano e puxeron en marcha unha campaña baseada en gran parte na participación das cooperativas asociadas.

Se sodes unha cooperativa, o ano 2012 é unha oportunidade para divulgar a vosa empresa como parte dun movemento global. Aproveitade as propostas que podedes atopar, por exemplo, na web www.spain2012.coop ou en www.coop2012.cat.

Se non coñecedes moito o mundo cooperativo, o ano 2012 é a ocasión para facelo. Visitade unha cooperativa ou botádelle unha ollada ás actividades das webs mencionadas para saber que está pasando en cada lugar..

Miquel Miró

Director Fundació Seira e membro da Xunta Directiva de Fiare Catalunya

O movemento cooperativo hoxe:

As cooperativas operan en base a principios internacionalmente recoñecidos e que teñen a súa orixe nos que estableceron en 1844 os Pioneiros de Rochdale en Manchester (Inglaterra).

Hoxe o sector estima que mobiliza 1.000 millóns de persoas socias e é responsable directo de máis de 100 millóns de empregos no mundo (un 20% máis cás empresas transnacionais).

O modelo cooperativo vai camiño de se converter no modelo empresarial que máis vai crecer antes de 2020.

As cooperativas están presentes en todos os sectores de actividade, desde as finanzas á vivenda, atención ás persoas, cultura, agricultura, servizos a empresas, industria, etc.

Só en Cataluña xa existen 4.800 cooperativas que facturan globalmente máis de 7.000 millóns de euros, operan en todos os sectores de actividade e están presentes en todas as comarcas catalás.

Nas zonas onde as cooperativas de crédito son relevantes (Québec, por exemplo) demostrouse que o sistema financeiro é máis estable. Non en van o seu obxectivo é satisfacer o benestar dos seus socios antes que maximizar a plusvalía. Este é un medio para lograr o primeiro, mais non un fin en si mesmo.

Banca Popolare Etica é unha cooperativa e en FIARE asumimos plenamente os valores e facemos nosa a Declaración de Identidade Cooperativa da Alianza Cooperativa Internacional. Ademais, a nosa actividade de financiamento reflicte tamén esta opción polo cooperativismo sendo este tipo de organizacións empresariais a forma xurídica que máis apoiamos desde FIARE e a que propoñemos para constituír a nosa entidade financeira.

Así pois, celebramos este 2012, Ano Internacional das Cooperativas, demostrando que esta forma de facer empresa é claramente unha alternativa sa e viable de construír unha sociedade máis xusta.

2012

Ano

Internacional das

Cooperativas



Empreses amb valors
2012. Any Internacional
de les Cooperatives

A nosa natureza de proposta de acción colectiva na que distintos axentes sociais se unen para desenvolver propostas de alternativa económica trouxo consigo a participación de Fiare en distintas iniciativas de entre as que queremos destacar as tres que se presentan a continuación.



A VÍA CAMPESINA

17

contexto
internacional
visto desde
a vía
campesina
ano
2011

En 2011, a crise dos prezos dos alimentos seguiu presente e nos países industrializados empregouse a crise financeira para impor máis políticas neoliberais que supoñen un aumento importante do desemprego en determinados países. A crise climática profundizouse debido a que os principais contaminadores non reduciron as súas emisións de CO₂ e ata agora negáronse a comprometerse a diminuír de xeito real as futuras emisións.

As empresas transnacionais buscan, dun xeito agresivo, poder aumentar o seu control sobre os recursos naturais e a produción agrícola, o cal está destruindo a agricultura campesina. O acaparamento de terras, a minería e os megaproxectos enerxéticos e os bonos de carbono son algúns exemplos desta tendencia que probablemente supoña máis conflitos. Dun xeito paralelo, as empresas transnacionais son vistas, cada vez máis, como unha parte do problema, o cal, xunto ao éxito das loitas do movemento campesiño organizado, está provocando unha maior represión por parte das forzas de seguridade públicas e privadas. neste sentido, a adquisición de Blackwater(Xe), unha compañía estadounidense de seguridade e intelixencia por Monsanto, supón un indicio preocupante.

As relacións de poder continúan cambiando. Nos Estados Unidos e na Unión Europea non desempeñan o mesmo papel de dominación que antes e países como a China e Brasil están desempeñando un papel máis importante no ámbito internacional. Este proceso vese acentuado pola crise financeira que lles afecta especialmente aos Estados Unidos e aos países da UE, e que provocou que a Ronda de



Doha estea paralizada sen que se espere a que conclúa, o cal reduciu o papel da OMC. O Banco Mundial púxose á defensiva durante a crise dos prezos dos alimentos debido, en parte, aos evidentes efectos negativos que ten o investimento a grande escala (acaparamento de terras) e que o Banco Mundial pretende fomentar. Tanto a OMC como o Banco Mundial intentan ter un novo papel, presentándose a si mesmos como axentes clave para a solución da crise climática, por exemplo, a través do comercio de emisións de carbono e da canalización de fondos.

Na medida na que as tensións sociais sigan en aumento, os gobernos poden verse baixo maior presión. Vimos un xiro á dereita de moitos gobernos, especialmente en Europa, mais é posible que ao mesmo tempo outros gobernos cambien (como xa sucedeu en Latinoamérica), de tal xeito que se abran máis ás axendas alternativas. Isto podería xerar oportunidades para reducir a influencia da OMC e do Banco Mundial e reforzar as iniciativas a través da ONU. Non obstante, tamén observamos unha ofensiva renovada das forzas neoliberais. No mundo árabe tamén tiveron lugar importantes cambios que supoñen novas oportunidades para que as nosas organizacións campesiñas impulsen políticas e iniciativas para reforzar a agricultura campesiña.

No ámbito europeo, o proceso xa emprendido de reforma da Política Agraria Común (PAC) determinará unha parte substancial da axenda e das loitas das organizacións campesiñas europeas nun futuro próximo.

logros fundamentais do movemento campesiño durante o ano 2011

A Vía Campesiña seguiu **mobilizándose contra o acaparamento de terras** xunto aos seus aliados/as. O resultado foi que os axentes que fomentan “o investimento a grande escala nas terras” (acaparamento de terras) están baixo presión. A Vía Campesiña organizou unha conferencia que marcou un fito, en Mali en novembro de 2011, na cal **se creou unha ampla alianza para lle pór fin ao acaparamento de terras**. Actualmente, estase implantando un plan de acción ao respecto. En Roma seguiu participando xunto a outras organizacións nas negociacións mantidas cos gobernos, en relación coas **Directrices sobre a Tenza da Terra** e nas cales se lograron importantes avances.

No que respecta ao **proceso da ONU para unha Declaración dos Dereitos Campesiños**, en marzo de 2011 deuse un paso adicional a través da adopción dunha Resolución que permitiu a continuidade do proceso gubernamental. Tamén en marzo, a Vía Campesiña mobilizouse con ocasión da **reunión da FAO sobre o Tratado de Sementes**, en Bali (Indonesia) e aproveitouse esta oportunidade para pór de novo en marcha o traballo das organizacións no relacionado coas sementes e coa agrobiodiversidade. Varias organizacións membros da Vía Campesiña desenvolveron intensas **campañas contra as patentes de sementes e contra a introdución de OXM (organismos xeneticamente modificados)** nos seus países. Grazas a isto, os cultivos transxénicos continúan sendo moi polémicos en moitos países.

Reforzouse o traballo relacionado coa **agricultura campesiña e agroecolóxica** e as organizacións da Vía Campesiña traballan cada vez máis estes temas. Así mesmo, organizáronse sesións de formación de ámbito rexional en Asia, África e nas Américas.

Durante o Foro Social Mundial de Dakar (Senegal), a Conferencia de Mali sobre o acaparamento de terras e a mobilización en Durban (Sudáfrica) púidose observar a **forza do movemento campesiño africano**. Éste é o continente no que máis avanzou a Vía Campesiña durante o ano 2011.

a vía campesiña e o proxecto de banca ética fiare

As relacións entre o movemento campesiño internacional e o proxecto FIARE seguen fortalecéndose. EHNE Bizkaia (representante da Vía Campesiña en Euskal Herria) é xa parte do Padroado da Fundación FIARE; leváronse a cabo múltiples actividades de información e socialización deste proxecto de banca ética e alternativa en todo o Estado español da man das organizacións de agricultores/as que son parte de COAG e varias delas participan xa dun xeito activo.

Tamén no ámbito europeo e internacional FIARE e a Vía Campesiña están consolidando os seus eixes de colaboración, a través de liñas de financiamento específicas para as necesidades financeiras do movemento, a través da posta en marcha da Libreta Redes – A Vía Campesiña (cuxos intereses serán doados polos/as depositantes para as loitas do movemento campesiño internacional), entre outras. Ao mesmo tempo, é importante que unha organización internacional aliada e estratéxica para a Vía Campesiña como GRAIN (galardonada durante o ano 2011 co premio Right Livelihood Award -o Premio Nobel Alternativo-) decidira tamén durante o pasado ano incorporarse ao proxecto FIARE.

De cara ao ano 2012 existen múltiples retos: un dos máis importantes é o de intentar lanzar un proceso de reflexión e debate sobre as finanzas éticas e os instrumentos e ferramentas financeiras que poden pórse ao servizo das organizacións campesiñas da Vía Campesiña e da agricultura campesiña sustentable baseada nos principios da soberanía alimentaria. O debate sobre a autonomía financeira e a estratexia financeira do movemento campesiño internacional cobra cada vez máis forza nun contexto xeneralizado de recortes sen precedentes nas políticas públicas de cooperación para o desenvolvemento. Esperamos que FIARE poida acompañar o movemento campesiño neste proceso. Polo momento, esperamos poder organizar un seminario internacional a este respecto a finais do presente ano 2012 en Euskal Herria.

*Artigo escrito entre EHNE Bizkaia
e a Secretaría Operativa Internacional da Vía Campesiña*





Varias entidades impulsoras da economía solidaria no Estado español puxeron en marcha un Portal Web temático de Consumo Responsable e do Mercado Social, co obxectivo de agrupar todos os actores e axentes que interveñen no fomento dun consumo máis consciente e crítico e que sirva de ferramenta de maior impacto social e de referencia para toda a sociedade.

Estamos convencidas de que é necesario fortalecer os espazos de participación e a organización dos consumidores e consumidoras de tal forma que se empurren e fomenten cambios sociais dirixidos a formar unha sociedade baseada na xustiza e equidade. Só o feito de exercer como consumidores e consumidoras responsables xa xera todo un movemento social máis amplo de toma de conciencia, presión e acción ao se erixir como exemplo de loita pola transformación do sistema económico existente hoxe en día.

O Portal Web posibilita:

- A comunicación e participación da cidadanía que actúe como consumidora responsable.
- Un espazo de información multidireccional que percorre a trazabilidade de calquera produto ou servizo.

“O portal konsumoresponsable.coop é o espazo onde conflúen os diferentes camiños que comparten o consumo responsable como un obxectivo fundamental no seu desenvolvemento. O lugar que suma entidades e persoas nun traballo compartido”.

- Formación que nos permita comprender e elixir con criterio como persoas consumidoras, produtoras, distribuidoras...
- Unha canle de venda e de promoción de produtos e servizos que promoven e constrúen mercado social.

En definitiva, un Portal que reúne e recolle todos aqueles aspectos que directa e/ou indirectamente se achan vinculados coa Economía Social e Solidaria en todas as súas vertentes e que logra unir produtores/as e consumidores/as nunha mesma ferramenta disposta ao seu servizo.

Desde aquí actuamos como consumidores, produtoras, educadores, distribuidoras... responsables.

Todo aquilo que queiras obter do konsumoresponsable facilmente acharalo aquí:

- economía solidaria
- comercio xusto
- consumo ecolóxico
- desenvolvemento local responsable
- inclusión social
- cooperación internacional
- finanzas éticas

A creación do Portal Web permitirá facilitar e achegarlle ao conxunto da poboación todo un abano de ámbitos que lle posibilitan posicionarse ante un mercado consumista desde a súa capacidade crítica así como desde a súa propia reflexión. Un portal que achega e normaliza prácticas de Consumo Responsable sen esquecer que a xeneración de cambio social e participación cidadá é un dos eixes que lle dan sentido á economía social e solidaria.

konsumoresponsable.coop divídese en cinco menús principais:

- Información: noticias xeradas desde todos os ámbitos do consumo responsable.
- Formación: oferta de formación en materia de consumo responsable.
- Ferramentas: caixa de ferramentas que facilitan e achegan realidades que potencian o consumo responsable. Ex. Cooperativa de consumo troco, banco do tempo...
- Proxectos en Marcha: proxectos en desenvolvemento que xeran innovación social e económica para satisfacer as necesidades desde a perspectiva do consumo responsable. Ex. Proxecto de cooperación entre as empresas implicadas na trazabilidade dun produto compartindo os riscos do proceso completo.
- Mercado Social: rede de produción, distribución e consumo de bens e servizos que funciona con criterios éticos, democráticos, ecolóxicos e solidarios, constituída por empresas e entidades da economía social e solidaria xunto a consumidores e consumidoras individuais e colectivos.

Nas áreas de Información, Formación, Ferramentas e Proxectos en Marcha acharemos:

- Normativas e denuncias.
- Difusión e publicidade sobre as realidades vixentes.

- Experiencias relevantes noutros países.
- Recursos do ámbito acopiados no portal por todos os usuarios e recursos coñecidos non dispoñibles neste portal mais si noutros.

Na área de Mercado Social dispoñemos de:

- Produtos e servizos dispoñibles para exercer un consumo responsable o máis próximo ás persoas en cada territorio.
- Proxectos de intercooperación entre entidades.
- Ferramentas de mercado.
- Formas de participar no teu territorio.

Máis información:
www.konsumoresponsable.coop

konsumoresponsable.coop

“El lugar donde se juntan
voluntad, principios y
satisfacción del consumo,
en la construcción
de otro mundo posible”



www.
konsumoresponsable
.coop



Fiare

2011 de Banca Etica

O 2011 foi un ano longo e arduo sobre o terreno social e económico. O panorama mundial e nacional foi aínda dominado polos xogos das finanzas especulativas, coas súas repercusións exponenciais sobre a economía real e sobre a vida das persoas. Unha situación complexa que golpeou profundamente tamén a Italia.

Non obstante, neste escenario Banca Etica demostrou ter a capacidade de ser sustentable desde o punto de vista económico e, a pesar da crise sistémica, conseguir o desenvolvemento eficaz do propio obxecto social: darlle crédito á economía social e solidaria.

Un dato que debemos salientar e que é inequívoco: **os créditos concedidos en 2011 pola Banca Etica aumentaron un 24%**. Un elemento de satisfacción para todas as persoas socias e as persoas clientes da banca, un sinal que nos debe estimular a continuar implicándonos para lle ofrecer crédito á economía real.

Mais o ano 2011 foi tamén un ano importante desde a perspectiva do aforro; de feito fronte a **créditos acordados que superan os 700 millóns de euros, o aforro directo e indirecto de Banca Etica acadou os 740 millóns de euros**: un testemuño da confianza que persoas e organizacións quixeron renovar nas finanzas éticas. Aínda resulta máis significativo se pensamos que os aforradores elixiron investir en Banca Etica nun ano no que os tipos de interese dos títulos do Estado e contas de depósito do sistema bancario tradicional alcanzaron niveis moi elevados.

Finalmente, o ano pasado rexistramos outro novo **incremento positivo do capital social, un 14%** que nos permitiu superar a barreira dos **36 millóns de euros**. Mais a Banca Etica debe conseguir aínda máis neste ámbito: o patrimonio permite aumentar o crédito á economía real, polo que é importante facelo crecer aínda máis.

Estas cifras sintéticas ofrecen unha fotografía do compromiso de tantas persoas que, xunto á Banca Etica, queren ser protagonistas dun novo modelo de finanzas, compromiso que nos permitiu **concretar a apertura de tres novas oficinas: Perugia, Ancona e Trieste**.

Tamén nos aspectos cultural e da participación, o ano 2011 foi particularmente significativo. Desde o norte ata o sur de Italia realizáronse **centos de encontros, seminarios, cursos en colexios, asembleas locais** para atopar persoas e organizacións da economía social... Este é un xeito de crear novas relacións, mais sobre todo unha forma de compartir reflexións e boas prácticas sobre a procura dun percorrido común e alternativo: o da **Economía Civil**.

Este activismo culminou na **campaña "Non con i miei soldi!" (Non co meu diñeiro)**, ideada por algúns socios de Banca Etica. Unha iniciativa que xorde da esixencia de darlle a coñecer ás persoas que todos nós, coas nosas decisións no ámbito financeiro, podemos favorecer unha economía sustentable ou ofrecerlle "materia prima" á especulación financeira.

Unha acción que une a potencialidade da Web social coas iniciativas locais dos nosos **GIT (Grupos de Iniciativa Territorial)** no territorio, que quere crear novas oportunidades de profundización, diálogo e relacións sobre temas financeiros e sobre as finanzas éticas. Para agrupar as diversas iniciativas e os contidos da campaña foi creada a páxina web **www.nonconmieisoldi.org** onde é posible xogar ao casino da especulación para aprender un uso responsable do diñeiro, profundizar sobre diversos temas nun blog, descubrir diversos modos nos que é posible actuar.

Estimados amigas e amigos de Fiare

A crise financeira está facendo sufrir a economía real e certamente o momento histórico non parece un dos mellores para pensar en pór en marcha novas iniciativas de intermediación financeira.

Mais as finanzas éticas (ou sustentables) están demostrando en todo o mundo taxas de crecemento das súas cifras e un apoio crecente da cidadanía.

Incluso os gobernos europeos se están mostrando posibilistas sobre, por exemplo, a introdución dunha taxa sobre as transaccións financeiras que obrigaría as finanzas globais a ser máis transparentes e a contribuír á fiscalidade xeral.

Os movementos dos Indignados en España e de OccupyWallStreet nos Estados Unidos están elaborando proxectos para a construción de bancos "ideais" que son máis próximos ás prácticas das finanzas éticas: é un bo indicio.

Neste escenario estamos a punto de iniciar un percorrido emocionante que esperamos que nos leve a concretar o soño dunha banca ética en España.

Nos próximos meses, de feito, trataremos de facer evolucionar xuntos a actual relación entre Banca Ética e Fiare para iniciar unha experiencia de finanzas éticas completas en España.



Isto significará desenvolver en profundidade as nosas características cooperativas e participativas, pensando xuntos en como levalas a cabo para lle dar vida a unha nova área territorial de Banca Ética en España.

Deberemos reunir proxección, custos, ideas, elementos críticos, retos.

Será unha bonita experiencia que estou seguro de que ofrecerá grandes oportunidades de satisfacción para todos/as nós e para as finanzas éticas en xeral. O modelo de Banca Ética é único no ámbito internacional e o reto de innovalo para abrirse a outros países e culturas é un reto importante e innovador.

Non será todo fácil.

Os momentos de cambio verdadeiros son sempre tamén momentos de crise: a quen ten xa un sistema que funciona cústalle mudalo, quen quere unha operatividade maior en Italia deberá ter paciencia, quen pasa do soño á concreción teme o novo, os vínculos, as decisións que terán que tomarse.

É normal.

Recordando a experiencia de cambio desde a Cooperativa versus a banca ética cara á Banca Ética será seguramente tamén un momento forte e cheo de significado.

Mais en relación ao nacemento de Banca Ética temos a sorte de ter en Italia e en España percorridos de implicación e de resultados que mostraron que sabemos traballar ben, que sabemos darlle un sentido ao uso do diñeiro e que estamos determinados a utilizar da mellor forma posible as potencialidades da cooperación e da participación.

Son socio de Fiare desde antes de ser elixido Presidente de Banca Ética; sinto a forza dos/as socios/as das dúas partes: é un bo punto de partida para cooperar xuntos.

Ugo Biggeri
Presidente
Banca Popolare Etica

Oficinas:

Bilbao
Local de Fiare
Santa María 9,48005
Tlfn: 944153496
info@proyectofiare.com

Barcelona
Local de Fiare
Casp 43, 08010
Tlfn. 933689982
info@projectefiare.cat

Puntos Informativos

Donostia-San Sebastián

Local de Caritas Gipuzkoa
Paseo de Salamanca 2
Horario: xoves de 18:00 a 20:00 horas
gipuzkoa@proyectofiare.com

Irún

Local de Behar Bidasoa
Decarga 18
Horario: mércores de 18:00 a 20:00 horas
gipuzkoabidasoa@proyectofiare.com

Ordizia

Goierrri 12 bajo
Horario: luns de 18:00 a 20:00 horas
gipuzkoa@proyectofiare.com

Zarautz

Nafarroa 22
(Sanz Enea-baixos Casa Cultura)
Horario: martes de 18:00 a 20:00 horas
zarautz@proyectofiare.com

Vitoria-Gasteiz

Local de Misiones Diocesanas Vascas
Sancho el Sabio 19-2C
Horario: luns de 18:00 a 20:00 horas
vitoria-gasteiz@proyectofiare.com

Medicus Mundi Alava
Isunza 9

SETEM-Hego Haizea
San Vicente de Paúl 10

Pamplona

Local de Ipés
Tejeria 28
Tlfn: 685744420
Horario: martes de 17:00 a 19:00 horas
navarra@proyectofiare.com

Burgos

FECLEI – Fundación Lesmes.
Manuel Altolaquirre s/n.
Tlfn: 947 256 219 / Fax: 947 276 413
Horario: venres de 10:00 a 14:00 horas
fiare.burgos@gmail.com

Cáritas Diocesana

San Francisco 8, Baixo.
Tfn: 947 244 914 / Fax: 947 276 413.
Horario: luns a venres
de 10:00 a 14:00 horas
fiare.burgos@gmail.com

Fundación ALTER

Avda de Calleja y Zurita 17
Tlfn: 947040370
Horario: venres de 9:30 a 13:30 horas

León

**Asociación de consumidores y
productores ecológicos La Semilla.**
San Guillermo 52
(antiga librería Pumuki)
Tlfn: 622 042 425.
Horario: mércores de 18:00 a 21:00 horas
fiareleleon@gmail.com

Valladolid

Asociación Vecinal Rondilla.
Marqués de Santillana 4, baixo
Tlfn: 983 251 090/ 983 251 454.
Horario: martes de 17:30 a 19:30 horas
fiarecyl@gmail.com

COCEDER.

Fuente El Sol 2, (entreplanta).
Tlfn: 983 371 279 / 983 201 864
Horario: mércores de 12:30 a 14:30 horas
fiarecyl@gmail.com

Azacan-SERSO.

Paseo Farnesio 7-9.
Tlfn: 983 222 967.
Horario: xoves de 17:30 a 19:30 horas
fiarecyl@gmail.com

Ecogermen.

Plaza Elíptica 15, bis.
Tlfn: 983 376 396.
Horario: venres de 19:30 a 20:30 horas
fiarecyl@gmail.com

Las Palmas de Gran Canaria

Café D'espacio
Cebrian 54
Tlfn: 928360381
laspalmas@proyectofiare.com

Santa Cruz de Tenerife Centro Insular de Entidades de Voluntariado del Cabildo de Tenerife (IAS)

C/ Juan Ruméu García, 28,
despacho 2L
Tlfn: 629453069
Horario: de 17:00 A 19:00 horas
tenerife@proyectofiare.com

Valencia

Fundación Novaterra.
Camino Viejo de Xirivella, 11.
Tlfn: 963122472
Horario: martes e xoves
de 10:00 a 12:00 horas
valencia@proyectofiare.com

Alicante

Fundación Nova Feina.
C/ San Raimundo, 21-bajo
Tlfn: 965125598
Horario: martes de 16:30 a 19:00 horas
alicante@proyectofiare.com

Castellón

Fundación Patim.
Plaza Tetúan 9, 3º
Tlfn: 964214593
castellon@proyectofiare.com

Madrid

Setem
C/Gaztambide 50 Baixo 28015
Tlfn: 679847922
Horario: mércores de 18:00 a 20:00 horas

Entreculturas

C/Pablo Aranda 3
Tlfn: 91 590 26 72
Horario: martes e xoves
de 10:00 a 13:30 horas

Fundación PROCLADE

C/Conde de Serrallo, 15
Tlfn: 91 314 78 71
Horario: luns a xoves
de 9:00 a 18:30 horas
Venres: de 9:00 a 15:00 horas

Córdoba

Asoc. Banca Ética Fiare-Sur
Claudio Marcelo, 7
Tlfn: 957 48 81 73
Horario: luns 18:30 a 20:20 horas,
martes 10:00 a 14:00 horas
sur@proyectofiare.com

Granada

Fondo de Solidaridad Paz y Esperanza
Músico José Ayala Canto, 4- Local izq
Tlfn: 958522881
Horario:
luns, mércores, venres
10:00 a 14:00 horas
e mércores- 17:00 a 20:00 horas
info@fondodesolidaridad.org

Cádiz

Fondo Solidario de El Puerto
Tlfn: 627 289 882
fondo_solidario@hotmail.com

Sevilla

Tlfn: 690774864 y 646360038
sevilla@proyectofiare.com

La Ortiga - Sevilla Este
C/ Tigris, esquina C/ Séptimo día
Horario: 10:00 a 12:00 horas

C/Rico Cejudo, 37-Bajo-dcha.
Horario: martes de 18:00 a 20:00 horas

Málaga

Fundación Solitec
C. Marea Baja, 19
Polígono Industrial Alameda
Tlfn: 666 711 426
malaga@proyectofiare.com

Almendralejo

Fundación Ruy López
C/ Reina Victoria, 5
Tlfn: 924 67 14 38
info@fundacionruylopez.org

Badajoz

Coordinadora Extremeña de ONGD
Godofredo Ortega y Muñoz, 1, Local 4
Tlfn: 924 25 78 01
secretariatecnica@congdex.org

Banca Ética Badajoz

Godofredo Ortega y Muñoz, 1, local 7
Tlfn: 655 488 594
bancaeticabadajoz@gmail.com

Los Santos de Maimona-Zafra

Seis son Seis
CEI Diego Hidalgo
Ctra. Paraje de la Nava s/n, Despacho E8
Tlfn: 670 766 259
rocio@creatividadfuncional.es

Mérida

**ABA Mérida
(Asociación Banca Alternativa)**
Suárez Somonte, 66
Tlfn: 690 654 138
aba.merida@gmail.com

Plasencia

RED CALEA
Avda. Dolores Ibarruri, 34-Local 14
Tlfn: 927 42 71 07
redcalea@redcalea.org

Cáceres

SETEM EXTREMADURA
Pizarro, 1-2º
Tlfn: 927 222 247 y 622 468 220
setemex@pangea.org

Sabadell

Lliga dels Drets dels Pobles
Ca l'Estruch, Sant Isidre, 140, Sabadell
Tlfn: 937 23 71 02
Horario: de 9:00 a 14:00 horas
fiaresabadell@gmail.com

Sant Cugat del Vallès

Universitat Internacional de la Pau
Jardins del monestir s/n,
Sant Cugat del Vallès
Tlfn: 935 891 382
Horario: luns, martes, xoves e venres
de 9:30 a 15:30 horas;
mércores: de 16:00 a 20:00 horas
secretaria@universitatdelapau.org

Lleida

Coordinadora ONGD i AMS de Lleida
Doctor Combelles 11, 25003 Lleida
Tlfn: 973 268 278
fiarelleida@gmail.com

Manresa

Bruc 59 baixos.
Tlfn: 630097281
Horario: de 9:00 a 13:00
e de 16:00 a 18:00 horas
fiaremanresa@gmail.com

Santiago de Compostela

Local de Panxea e O Peto
La Rosa 36 baixo
Tlfn: 981937238 e 696292330
Horario: martes e xoves
de 18:00 a 20:00
e sábados de 11:00 a 14:00 horas
fiaregz@proyectofiare.com

Vigo

Local da Fundación Proclade
Honduras nº 5 bajo
Horario : luns e mércores
de 18:30 a 20:00 horas
fiaregz@proyectofiare.com